




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-xornalismo-comunicacion-audiovisual



Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual



www.usc.gal



Xornalismo e Comunicación Audiovisual

Este dobre grao busca a formación dunha figura converxente, dende o territorio da comunicación, debedora tanto das lóxicas estritamente informativas, como das lóxicas relacionadas coa ficción e o entretemento.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias da Comunicación
Avda. de Castelao, s/n. Campus norte
15782 Santiago de Compostela
cc.comunicacion.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-xornalismo-comunicacion-audiovisual

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 5,5

Número de prazas: 10

Data de inicio: Setembro

Prácticas remuneradas

Plan de estudos

A titulación está distribuída en 5,5 cursos, cun total de 378 créditos que están formados por 66 créditos de formación básica, 222 créditos de materias obrigatorias, que inclúen os 24 créditos correspondentes ao traballo de in de grao e 90 créditos de materias optativas.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os diferentes programas de intercambio existentes con outras universidades nacionais (SICUE), europeas (ERASMUS) e extracomunitarias (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Contamos cun Módulo de Prácticas en empresas; trátase dunha materia optativa complementaria que se desenvolve en empresas vinculadas á USC a través do convenio de prácticas USC-Empresa,

o cal regula esta actividade. As competencias que adquiren os estudantes son as relacionadas co propio desenvolvemento da súa estancia formativa nas empresas suxeitas a convenio. Xunto a estas competencias específicas, en termos xerais, os estudantes coñecen in situ a idiosincrasia propia do mercado laboral.

Saídas profesionais

O Grao en Xornalismo ten como obxectivo formar futuros profesionais destinados a desenvolver todas aquelas tarefas relacionadas coa busca, a selección, a xestión, a produción e a difusión de información de espectro referencial moi amplo, de carácter xeral ou especializada, tanto no marco de entidades mediáticas propiamente ditas, como de institucións públicas ou privadas, nas que teñan cabida estas prácticas informativas.

O Grao en Comunicación Audiovisual ten como obxectivo, pola súa parte, formar futuros profesionais destinados a desenvolver tarefas enmarcadas no amplo territorio da comunicación audiovisual, da ficción e do entretemento, que teñen cabida no ámbito das Industrias Culturais e Creativas. Esta formación, asentada en amplos coñecementos de carácter técnico e estético, tradúcese nunha ulterior capacidade de ideación e de materialización de narrativas, de formatos, de programas e obras de moi diversa índole, destinados a múltiples soportes, e que requiren a mobilización de múltiples gramáticas.

